



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Frades, en Sesión Ordinaria do mércores 4 de setembro de 2024, aprobou o seguinte ACORDO:

PUNTO POR URXENCIA: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E ABELLÁ. EXPEDIENTE TEDEC 2024/C003/000005

Inclúese por urxencia o presente punto da orde do día, e sometido a aprobación, aprobouse por unanimidade dos membros presentes, polo que pasase a dar lectura a proposta de alcaldía.

Dase lectura a proposta de acordo:

**ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E DE ABELLÁ”
EXPTE TEDEC: 2024/C003/000005**

Vista a providencia da alcaldía, informe de insuficiencia de medios e memoria xustificativa do contrato, nos que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación da obra “RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E DE ABELLÁ”.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a 49.583,51 euros, o que lle corresponden 10.412,54 euros de IVE, o que fai un total de 59.996,05 euros IVE engadido, estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adjudicación (subxectivos e obxectivos).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, que constan no expediente TEDeC.

Constan informes emitidos pola Secretaría-Intervención municipais.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, sendo polo tanto unha competencia de Alcaldía, se ben consta acordo de delegación na Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas, que rexerá a contratación, por procedemento aberto simplificado con tramitación ordinaria, para a contratación da obra “RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E DE ABELLÁ”.

Dispónse a apertura do procedemento de adjudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

Segundo.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público.

Terceiro.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

Cuarto.- Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Presidente/a: O alcalde- Presidente

Vocales:

- A Secretaria-Interventora municipal
- A Arquitecta municipal
- Concelleiro que teña atribuída a área de Hacienda.

Secretario/a: Pilar Carro Veiras

Os presentes acordos foron adoptado por unanimidade dos membros presentes na Xunta de Goberno Local.

A Secretaria

María Lourdes Castro Pena